ORDE do .... de outubro de 2023 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A)

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica a disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e declara a extinguir o corpo de profesores técnicos de formación profesional.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no artigo 85 crea o corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional; na disposición adicional quinta, establece as especialidades do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, e as especialidades de dito corpo, para extinguir, que pasan a formar parte de atribución docente do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

A disposición adicional décimo primeira.4 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, segundo a redacción dada pola disposición final segunda da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, establece:

"*4. O profesorado do corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional que non quedase integrado no corpo de profesores de ensino secundario, permanecerá no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, mantendo a súa atribución docente e todos os dereitos inherentes a súa condición de funcionario. Non obstante o anterior este profesorado poderá participar nos procesos de promoción interna que se convoquen.*"

Desta disposición despréndese que o profesorado pertencente ao corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional ten dereito a participar nos concursos de traslados para a provisión de postos de traballo.

Corresponde a esta convocatoria regular como participará no concurso de traslados o profesorado pertencente ao corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

Esta participación no concurso de traslados deberá realizarse conxuntamente co profesorado do corpo de profesores de ensino secundario ou do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, segundo da especialidade ou especialidades das que se sexa titular.

Polo tanto, as prazas corresponderán ao corpo no que se integraron as especialidades, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, e as mesmas poderán participar o persoal funcionario de carreira e, se é o caso, o persoal funcionario en prácticas dos seguintes corpos:

Prazas do corpo de profesores de ensino secundario:

- Corpo de profesores de ensino secundario.

- Corpo, para extinguir de profesores técnicos de formación profesional.

Prazas do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

- Corpo de profesores de ensino secundario.

- Corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

- Corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

As resultas que se produzan na resolución do concurso ofertaranse no corpo no que está integrado a especialidade con independencia do corpo ao que pertenza a persoa funcionaria que a xera.

Asemade, no baremo terán o mesmo valor os servizos prestados en calquera das especialidades pertencentes ao mesmo corpo ao que pertence a vacante, con independencia do corpo no que se prestasen.

En consecuencia, e de conformidade co Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei orgánica de educación e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir por estes, e existindo prazas vacantes nos centros docentes e na inspección educativa, que se deben prover entre persoal funcionario dos corpos que a continuación se citan, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira. *Obxecto*

1. Convócase concurso de traslados (código de procedemento ED012A), de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes entre persoal funcionario docente dos corpos que a seguir se relacionan cos códigos de corpo que se indica:

| *Corpo* | *Código do corpo* |
|---|---|
| Inspectores ao servizo da administración educativa | 509 |
| Inspectores de educación | 510 |
| Catedráticos de ensino secundario | 511 |
| Profesores de ensino secundario | 590 |
| Catedráticos de escolas oficiais de idiomas | 512 |
| Profesores de escolas oficiais de idiomas | 592 |
| Catedráticos de música e artes escénicas | 593 |
| Profesores de música e artes escénicas | 594 |
| Catedráticos de artes plásticas e deseño | 513 |
| Profesores de artes plásticas e deseño | 595 |
| Mestres de taller de artes plásticas e deseño | 596 |
| Mestres | 597 |
| Profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional | 598 |

2. Con independencia do código do corpo a que pertence o persoal funcionario, os corpos que a seguir se relacionan terán o seguinte código de participación:

| *Corpo a que pertence* | *Descrición do corpo de participación* |
|---|---|
| 511 Catedráticos de ensino secundario<br>591 Profesores técnicos de formación profesional(1) | 590 |
| 512 Catedráticos de escolas oficiais de idiomas | 592 |
| 513 Catedráticos de artes plásticas e deseño | 595 |
| 509 Inspectores ao servizo da administración educativa | 555 |
| 510 Inspectores de educación | 555 |
| 590 Profesores de ensino secundario (1)<br>591 Profesores técnicos de formación profesional(1) | 598 |

(1) O persoal funcionario do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional participará polo código 590 ou 598, en función do corpo no que se integraron as especialidades das que é titular e concurse.

O persoal funcionario integrado no corpo de profesores de ensino secundario procedente do corpo, para extinguir de profesores técnicos de formación profesional, participará polo código do corpo 598 cando participe a prazas das especialidades integradas no corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

3. Este concurso rexerase, sen prexuízo doutra normativa que resulte de aplicación, polas seguintes disposicións:

- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público;

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro;

- Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes contemplados na Lei orgánica de educación e outros procedementos de provisión de prazas a cubrir por estes;

- Real decreto 1284/2002, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades dos Corpos de Profesores de Artes Plásticas e Deseño e Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño, adscríbense a elas os profesores dos devanditos Corpos e determínanse os módulos, materias e materias que deberán impartir;

- Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario;

- Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, a formación inicial do profesorado e as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario;

- Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas aos que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificado polo Real decreto 516/2013, do 5 de xullo, e polo Real decreto 287/2014, do 25 de abril;

- Real decreto 427/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas superiores de música e danza;

- Real decreto 428/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de música e danza;

- Real decreto 588/2022, do 19 de xullo, polo que se establecen as especialidades docentes dos corpos de profesores e de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas aos ensinos de arte dramática.

- Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, parcialmente modificado polo Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro;

- Real decreto 777/1998, do 30 de abril; polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo.

- Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro; polo que se regula a Administración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no exterior.

-Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a este;

- Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro;

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;

- Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da inspección educativa e o acceso ao corpo de inspectores de educación na Comunidade Autónoma de Galicia;

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia.

- Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional.

Segunda. *Vacantes que se convocan*

1. Ao abeiro da presente orde convócanse, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade

durante o curso académico 2023-2024, as que se produzan como consecuencia de xubilacións ou outras circunstancias ata o 31 de decembro de 2023 e as que resulten da resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa. Todas elas sempre que se correspondan con prazas que teñan o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa ou na planificación do funcionamento da inspección educativa.

Non se ofertan, polo tanto, aquelas prazas que poidan producirse como resultas da resolución dos concursos de traslados, cando unha persoa obteña destino definitivo nun corpo pero o seu destino definitivo de procedencia o posúa noutro corpo con código distinto de participación.

Poderán ofertarse vacantes nos centros integrados de formación profesional nas especialidades con competencia docente para impartir os módulos formativos de comunicación e sociedade e de ciencias aplicadas da formación profesional básica.

2. *Publicación das vacantes*

As vacantes provisionais e definitivas dos centros e postos publicaranse na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (www.edu.xunta.gal/), mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos asinada electronicamente, con anterioridade ás seguintes datas:

- Vacantes provisionais: antes da resolución da adxudicación provisional.

- Vacantes definitivas: antes da resolución da adxudicación definitiva.

Na resolución pola que se fagan públicas as vacantes definitivas suprimiranse aquelas vacantes anunciadas na resolución provisional nas que se produciu un erro de definición nestas ou se trate de prazas cuxo funcionamento non se encontre previsto na planificación escolar.

Nas vacantes dos centros de educación infantil e primaria, primaria, educación especial, centros públicos integrados e institutos de ensino secundario incluíranse as vacantes itinerantes que procedan das especialidades de pedagoxía terapéutica. Ao mesmo tempo considéranse itinerantes as prazas correspondentes aos colexios rurais agrupados das especialidades 032, 033, 034, 035, 036 e 037 do corpo 0597.

Incluíranse tamén as vacantes existentes nas extensións das escolas oficiais de idiomas.

Terceira. *Participación conxunta de persoal funcionario de distintos corpos ás mesmas vacantes*

De conformidade co establecido no apartado 5 da disposición adicional oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 5 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, o persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño participará no concurso de provisión de postos conxuntamente co persoal funcionario dos corpos de profesores dos niveis correspondentes, ás mesmas vacantes, sen prexuízo dos méritos específicos que lle sexan de aplicación pola súa pertenza aos mencionados corpos de catedráticos.

Asemade, o persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario por integración procedente de corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional e o persoal funcionario do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, participará no concurso de provisión de postos conxuntamente co persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario ou do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, segundo o corpo no que se integraron as especialidades das que sexa titular, realizada pola disposición adicional quinta da Lei orgánica 3/2022, de ordenación e integración da formación profesional.

Cuarta. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente aos corpos de inspectores de educación e de inspectores ao servizo da Administración educativa*

O persoal funcionario pertencente a estes corpos poderán solicitar as prazas das sedes que se relacionan no anexo II. Todas as prazas corresponderán á especialidade código 600.

Quinta. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente aos corpos de catedráticos e de profesores de ensino secundario e do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.*

O profesorado pertencente a estes corpos poderá solicitar as prazas correspondentes ás especialidades de que sexan titulares, para as localidades e os centros que figuran no anexo III da presente orde, e para as especialidades que se indican no anexo IX. A petición de localidade implica que se solicitan todos os centros desta pola orde en que aparecen relacionados no anexo III.

Sexta. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.*

O profesorado pertencente a estes corpos poderá solicitar as prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, para as localidades e os centros que figuran no anexo III e para as especialidades que figuran no anexo X. A petición de localidade implica que se solicitan

todos os centros desta pola orde en que aparecen relacionados no anexo III. As prazas dos centros de educación especial non serán adxudicadas de oficio nin se consideran solicitadas nas peticións a localidade.

Sétima. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas*

O profesorado pertencente a estes corpos, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo IV e para as especialidades que figuran no anexo XI.

Oitava. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas.*

O profesorado pertencente ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo V e para as especialidades que aparecen no anexo XII.

Novena. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente ao corpo de profesores de música e artes escénicas*

O profesorado de música e artes escénicas, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo VI e para as especialidades que figuran no anexo XIII.

Poderán, polo tanto, solicitar prazas nos Conservatorios Superiores- anexo V-, para impartir as materias propias do corpo de profesores de música e artes escénicas.

Décima. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente aos corpos de catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño*

1. Os catedráticos e catedráticas e o profesorado do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo VII, para as especialidades que figuran no anexo XIV.

2. O persoal funcionario do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, de acordo coas especialidades das que sexan titulares, poderá solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo VII, para as especialidades que figuran no anexo XV.

Décimo primeira. *Prazas que pode solicitar o persoal pertencente ao corpo de mestres*

1. O persoal funcionario do corpo de mestres, de acordo coas especialidades das que sexan titulares ou que teñan recoñecidas, poderán solicitar as prazas dos centros que aparecen no anexo VIII para as especialidades que figuran no anexo XVI.

De conformidade co establecido no artigo décimo da Orde de 23 de xuño de 2020 pola que se establece o procedemento de recoñecemento de especialidades do persoal funcionario de carreira do corpo de mestres (código de procedemento ED020A), a especialidade de Educación Primaria será recoñecida de oficio ao persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que posúa algunha das titulacións que para esta especialidade se determinan no anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro.

2. Ademais, os titulares da especialidade de Pedagoxía Terapéutica poderán solicitar as prazas do código 60 nos centros públicos integrados e nos institutos de educación secundaria que figuran no anexo VIII.

Con todo, o persoal do corpo de mestres que posúa destino definitivo por esta especialidade en institutos de educación secundaria ou en centros públicos integrados pola especialidade código 60, non poderán optar ás prazas das especialidades indicadas no parágrafo seguinte.

3. De conformidade co establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, o persoal funcionario do corpo de mestres, que á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estivese adscrito con carácter definitivo a postos dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria, poderá exercer o dereito á súa mobilidade en relación coas vacantes destes dous primeiros cursos, nos centros que figuran no anexo VIII, sempre que acredite a habilitación correspondente de acordo coas seguintes equivalencias:

| Mestres con certificación de habilitación en: | Prazas de 1º e 2º curso da ESO para as cales queda habilitado |
|---|---|
| Ciencias sociais | Xeografía e Historia |
| Matemáticas e Ciencias Naturais | Matemáticas |
| Matemáticas e Ciencias Naturais | Ciencias da natureza |
| Filoloxía: Lingua Castelá | Lingua Castelá e Literatura |
| Filoloxía: Lingua Galega | Lingua Galega e Literatura |
| Lingua estranxeira: Inglés | Lingua estranxeira: Inglés |
| Lingua estranxeira: Francés | Lingua estranxeira: Francés |
| Educación Física | Educación Física |

| Mestres con certificación de habilitación en: | Prazas de 1º e 2º curso da ESO para as cales queda habilitado |
|---|---|
| Música | Música |

Así mesmo, poderán exercer a súa mobilidade a prazas ou postos de educación infantil e primaria para os que estean habilitados, e no caso de obtelas perderán toda opción a futuras vacantes dos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria.

4. No caso de supresión do posto, nos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria, no que estivese adscrito con carácter definitivo, poderase seguir optando nos concursos de traslados á obtención dun novo destino nos devanditos postos.

Décimo segunda. *Requisitos específicos para determinadas prazas*

1. Requisitos para cubrir determinadas prazas dos centros plurilingües.

Para acceder ás prazas dos centros plurilingües o profesorado das especialidades correspondentes deberá acreditar, como mínimo, o nivel B2 do marco común europeo da lingua correspondente, acreditado cunha das titulacións que se publican como anexo da Orde de 18 de febreiro de 2011, modificada pola Orde de 21 de xuño de 2016, pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG de 26 de abril de 2011 e 7 de xullo de 2016). Será válido, así mesmo, o certificado de nivel intermedio expedido polas Escolas Oficiais de Idiomas, equivalente ao nivel B2 do marco común europeo de referencia das linguas, expedido conforme ao plan de estudos aprobado polo Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro.

2. Requisito de acreditación de coñecemento da lingua galega.

Nas especialidades de Educación Infantil, Primaria, Ciencias Sociais –Xeografía e Historia- do corpo de mestres, nas de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario referentes á formación profesional específica e en todas as especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional e en todas as especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas, será requisito imprescindible posuír o certificado de lingua galega (Celga 4), ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou telo superado a través de proba libre ou ter o nivel avanzado de galego da Escola Oficial de idiomas das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro ou o nivel Intermedio B2 das

ensinanzas reguladas polo Real decreto 1041/2017, de 22 de decembro. Para estes únicos efectos entenderase que reúnen este requisito os que superasen, no ano que accederon á fase de prácticas, a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de mestres, profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, ou no acceso a calquera dos corpos de catedráticos.

Décimo terceira. *Modalidade de participación voluntaria*

1. Poderá participar con carácter voluntario neste concurso de traslados

a) O persoal funcionario que está en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sempre que, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 12.1 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, transcorresen ao final do presente curso académico, polo menos, dous anos dende a toma de posesión do último destino definitivo.

b) O persoal funcionario que se encontre en situación de servizos especiais declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sempre que transcorresen ao final do presente curso académico, polo menos, dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) O persoal funcionario que estea en situación de excedencia voluntaria concedida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular recollida no artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorrese un ano dende que pasaron a esta situación e dous anos desde que obtiveron o destino definitivo en que lle foi concedida, se fora o caso, a excedencia.

d) O persoal funcionario que se encontre en situación de suspensión declarada dende centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sempre que ao finalizar o presente curso escolar transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

2. Para os efectos previstos no apartado 1 entenderase como data de finalización do curso o 31 de agosto de 2024.

3. As persoas que desexen exercer un dereito preferente para a obtención de destino deberán aterse ao que se determina nas bases décimo sexta, décimo sétima e décimo oitava desta convocatoria.

Décimo cuarta. *Modalidade de participación forzosa.*

1. Está obrigado a optar ás prazas anunciadas nesta convocatoria, dirixindo a súa solicitude á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos termos indicados na base vixésima, o persoal funcionario que se encontre nalgunha das situacións que se indican a seguir:

a) Persoal funcionario que, procedente da situación de excedencia ou suspensión de funcións, reingresasen con destino provisional no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con anterioridade á data de publicación desta convocatoria.

No suposto de que non participen no presente concurso ou non soliciten suficiente número de prazas vacantes, adxudicaráselles de oficio destino definitivo en prazas que poidan ocupar de acordo coas especialidades das que sexa titular ou, no caso do corpo de mestres, teña recoñecida, en centros situados na comunidade autónoma.

De non se lles adxudicar destino definitivo permanecerán na situación de destino provisional.

b) O persoal funcionario que se encontre na situación de excedencia forzosa ou suspensión de funcións con perda do posto de destino e que, cumprida a sanción, non obtivera un reingreso provisional, e que fose declarado nestas situacións dende un centro dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O persoal funcionario incluído no parágrafo anterior, no suposto de non participar no presente concurso, ou se participando non solicitase suficiente número de centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en que corresponde impartir ensinanzas ao seu corpo, cando non obtivese destino definitivo, quedará na situación de excedencia voluntaria, prevista no artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

c) O persoal funcionario que, estando adscritos a prazas no exterior, deba reincorporarse ao ámbito territorial de xestión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e

Universidades no curso 2023/24, ou que despois de reincorporarse en cursos anteriores, non tivese obtido un destino definitivo.

O profesorado que desexe exercer o dereito preferente á localidade previsto no artigo 17.1 e) do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, deberá solicitar, de conformidade co establecido na base décimo oitava desta convocatoria, todas as prazas a que poida optar en virtude das especialidades das que sexa titular ou teña recoñecidas, correspondentes aos centros da localidade en que tiveron o seu último destino definitivo. No caso de que non obteñan destino, quedarán adscritos provisionalmente á devandita localidade.

d) O persoal funcionario que tivese perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por encontrarse en situación de desprazado por falta de horario ou suprimido do posto que desempeñaba con carácter definitivo.

O profesorado que no curso académico 2023/2024 está desprazado do seu centro de destino definitivo por falta de horario participará no concurso cos mesmos dereitos que o profesorado suprimido, sen prexuízo da prioridade establecida no artigo 17 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro.

A situación de desprazado por falta de horario acreditarase mediante certificación da dirección do centro educativo co visto e prace da Inspección educativa, agás que xa figurasen nos anexos da Resolución de 2 de agosto de 2023 (DOG do 22 de agosto), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se adxudican definitivamente os destinos provisionais para o curso académico 2023/24 ao profesorado, entre outros, que resultan desprazados por falta de horario.

Este profesorado poderá exercer o dereito preferente a centro, a localidade e a zona educativa na forma que se indica nas bases décimo sexta e décimo oitava.

O persoal docente do corpo de mestres que exerza este dereito preferente farao con carácter forzoso á localidade en que estaba situado o seu centro de destino, no caso de que exista outro ou outros centros na localidade; pola contra, participará á localidade na que teña recoñecido o dereito preferente como consecuencia da escolarización do alumnado. Pode participar con carácter voluntario a unha ou máis localidades da zona do seu ámbito, podendo, neste suposto, priorizar no apartado de peticións estas localidades sobre as que o acredita o dereito.

O persoal docente en situación de suprimido ou desprazado por falta de horario que cumpra co deber de participar no concurso de traslados e que exerza o dereito preferente á localidade ou zona educativa na que se encontraba o seu centro, non será destinado de oficio.

Así mesmo, este persoal docente que non exerza o dereito preferente, mentres cumpra con deber de participar no concurso de traslados, non será destinado de oficio mentres non se cumpran as seis convocatorias previstas no Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

e) O persoal funcionario que, con perda da praza docente que desempeñaban con carácter definitivo, pasase a prestar servizos en postos non docentes da Administración Pública, mantendo a súa situación de servizo activo no corpo docente, sempre que cesase nos devanditos postos e obtivese un destino provisional en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

f) O profesorado con destino provisional que durante o curso 2023/24 estea a prestar servizos en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sempre que accedesen ao corpo por convocatoria de procedemento selectivo realizada pola Comunidade Autónoma de Galicia. Este persoal funcionario está obrigado a solicitar prazas da especialidade ou especialidades das cales sexa titular ou teña recoñecidas de acordo coas bases desta convocatoria.

Ao profesorado incluído neste punto que non concurse ou que facéndoo non solicite suficiente número de prazas vacantes, adxudicaráselle de oficio destino definitivo en postos aos que poida optar polas especialidades das cales sexa titular ou teña recoñecidas en centros situados na comunidade autónoma.

No caso de non obter destino definitivo serán destinados provisionalmente pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo procedemento que se estableza.

g) O persoal funcionario en prácticas que superou o procedemento selectivo pola quenda libre ou reserva de persoas con discapacidade convocado pola Orde de 5 de decembro de 2022.

Ao profesorado que, debendo participar por este punto, non presente solicitude ou que participando non solicite suficiente número de centros, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades adxudicaralle de oficio destino definitivo en prazas que poida ocupar segundo as especialidades das cales sexa titular ou, se é o caso, destino provisional.

2. As persoas participantes no concurso pola letra g) do número anterior farano con cero puntos.

O destino que puidese corresponderlles estará condicionado, se é o caso, á superación da fase de prácticas e ao nomeamento como persoal funcionario de carreira.

3. Quedan exceptuados da obrigatoriedade de concursar:

O profesorado desprazado do centro cando nel teña destino definitivo un profesor ou profesora da mesma especialidade nacido/a antes do 31 de agosto de 1960. Se existise máis dun profesor desprazado, non estará obrigado a concursar o que teña maior dereito, conforme aos criterios establecidos no Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes.

Décimo quinta. *Dereito preferente a centro*

Con ocasión de vacante no corpo docente polo que se participa, terá dereito preferente para obter destino definitivo no mesmo centro no que tivesen destino definitivo o profesorado que, encontrándose nalgún dos supostos que se indican, reúna as condicións establecidas na presente convocatoria e pola orde de prelación en que nestes se relacionan:

1. Por supresión da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro, ata que obteña outro destino definitivo.

2. Por modificación da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro, ata que obteña outro destino definitivo. Dentro deste suposto entenderase incluído aquel persoal docente ao cal se lle suprimiu a praza de carácter común creándose simultaneamente outra de carácter itinerante ou viceversa da mesma especialidade e optaron por cesar nela.

3. Por desprazamento dos seus centros por insuficiencia total de horario ou por dispoñer de menos de cinco sesións lectivas da súa especialidade que poidan ser asumidas por profesorado doutro departamento, en iguais condicións que os titulares dos postos suprimidos.

Neste suposto está incluído o profesorado que resultou desprazado a outro centro por traslado de ensinanzas, e que durante os seis anos seguintes á realización do devandito traslado ten dereito preferente ao seu centro de orixe en calquera das especialidades de que sexa titular, conforme ao establecido no artigo 10 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

4. Para o profesorado dos corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional e do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, por adquisición de novas especialidades no corpo no que se ten destino definitivo no centro, ao abeiro do disposto nos Reais decretos 850/1993, de 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro e 276/2007, do 23 de febreiro, para obter un posto, da nova especialidade adquirida, no centro onde tivesen destino definitivo. Unha vez obtido o novo posto só se poderá exercer este dereito con ocasión da adquisición doutra nova especialidade.

Décimo sexta. *Forma de exercer o dereito preferente a centro*

Para exercer o dereito preferente a centro a persoa interesada deberá cubrir na terceira lapela da solicitude o código do centro no que exerce o dereito preferente se se produce a vacante. Na mesma lapela marcará cunha «X» o suposto polo que exerce este dereito e consignará, tamén na mesma lapela, en «tipo de praza» a especialidade ou especialidades das que é titular ou está habilitada priorizándoas coas combinacións posibles, se é o caso, de vernáculo (V), bilingüismo (B) e itinerancia (I). Para estes efectos poderá repetir a mesma especialidade todas as veces que sexan necesarias, ata as 40 combinacións que, como máximo, se poden efectuar.

A aplicación informática que resolve o concurso de traslados combinará o centro de dereito preferente coas prioridades explicitadas en «tipo de praza», dando lugar a outras tantas peticións voluntarias, que serán priorizadas sobre todas as restantes. O persoal concursante que exerza o dereito preferente a centro non deberá incluír este centro na páxina 7 da solicitude.

De non explicitar todas as especialidades das que é titular ou teña recoñecidas seranlle incorporadas de oficio pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Non se incorporarán de oficio as prazas con bilingüismo nin as itinerantes.

Sen prexuízo do anterior, o persoal que exerce o dereito preferente a centro poderá exercer na mesma solicitude o dereito preferente a localidade e poderá exercelo a zona educativa e/ou incluír outras peticións de centros ou localidades, se desexa concursar a elas fóra do dereito preferente.

Décimo sétima. *Dereito preferente a localidade ou zona educativa*

Conforme ao establecido no artigo 12.c) do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, o persoal funcionario que teña dereito preferente a obter destino nunha localidade ou, no caso de mestres, zona educativa determinada, se desexa facer uso deste dereito ata que alcance aquel, deberá participar en todas as convocatorias que, para estes efectos, realice a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. De non participar, teráselle por decaído no dereito preferente.

Terá este dereito preferente, con ocasión de vacante, o persoal funcionario de carreira que se encontre nalgún dos supostos que se indican, e pola orde de prelación en que estes se relacionan:

1. Por supresión ou modificación da praza ou posto de traballo que desempeñaba con carácter definitivo nun centro.

2. Por desprazamento do seu centro por insuficiencia de horario, en iguais condicións, que as persoas titulares de postos suprimidos. Neste apartado está incluído tamén o profesorado que estea a prestar servizos no seu centro noutra especialidade por non ter ningunha hora na súa.

En todo caso, considérase profesorado desprazado por falta de horario o que, como consecuencia de traslado de ensinanzas, non puido quedar adscrito definitivamente no centro receptor, segundo dispón o artigo 7.3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias ou funcionarios docentes.

3. Por desempeñar outro posto na Administración pública, con perda da praza docente que desempeñaban con carácter definitivo, e sempre que cesasen no último posto.

4. Por reincorporación á docencia en España, de conformidade cos artigos 10.6 e 14.4 do Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro, polo que se regula a Administración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no exterior, por finalización da adscrición en postos ou prazas no exterior, ou por algunha outra das causas legalmente establecidas.

5. En virtude de execución de sentenza ou resolución de recurso administrativo.

6. As persoas que tras seren declaradas xubiladas por incapacidade permanente fosen rehabilitadas para o servizo activo.

Décimo oitava. *Forma de exercer o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa*

O persoal docente pertencente ao corpo de mestres deberá exercer este dereito necesariamente na localidade de que dimana o dereito e poderá exercelo, igualmente, en calquera outra ou en todas as localidades do ámbito da zona. O restante profesorado deberá exercer o dereito preferente á localidade onde tivo o último destino definitivo.

Para exercer o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa a persoa interesada deberá cubrir na cuarta lapela da solicitude o código da localidade e, se é o caso, da zona na que exerce o dereito preferente se se produce a vacante. Na mesma lapela marcará cunha «X» o suposto polo que exerce este dereito e consignará, tamén na mesma lapela, en «tipo de praza» a especialidade ou especialidades das que é titular ou está habilitada priorizándoas coas combinacións posibles de vernáculo (V), bilingüismo (B) e itinerancia (I). Para estes efectos poderá repetir a mesma especialidade todas as veces que sexan necesarias, ata as 40 combinacións que, como máximo, se poden efectuar.

O persoal docente que exerza este dereito preferente deberá, na páxina 7 da solicitude, nos cadros de centro ou localidade, especificar por orde de prioridade os códigos dos centros ou localidades nos que exercen este dereito, especificando no cadro correspondente referido a «tipo de praza», as siglas «DPL», que significan dereito preferente a localidade. Nestes casos en «tipo de praza» non se poñerá o código da especialidade.

Todas as peticións correspondentes á localidade ou zona na que se exerce o dereito preferente virán consignadas por bloques homoxéneos, de tal maneira que todas as peticións de centros dunha mesma localidade deben vir correlativos, sen que se poida repetir dúas veces un bloque correspondente a unha mesma localidade.

A aplicación informática que resolve o concurso de traslados combinará ambas as dúas táboas, a da páxina 4 da solicitude e a da páxina 7, dando prioridade á localidade sobre a especialidade, pero á especialidade sobre o centro.

De non explicitar todas as especialidades das que é titular ou ten recoñecidas seranlle incorporadas de oficio pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Non se incorporarán de oficio as prazas con bilingüismo nin as itinerantes.

Sen prexuízo do anterior, o persoal que exerce o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa poderá realizar outras peticións de centros ou localidades, se desexa concursar a elas fóra do dereito preferente, e que virán sempre consignadas con posterioridade ás peticións nas que se exerce o dereito preferente.

Nestas peticións de carácter voluntario, no recadro «tipo de praza», especificarase o código da especialidade.

Nunha circular informativa da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre o concurso de traslados, que se publicará na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, exemplificaranse supostos de exercicio de dereito preferente a centro, localidade e zona educativa.

Décimo novena. *Dereito de concorrencia*

1. Enténdese por dereito de concorrencia a posibilidade de que varias persoas funcionarias de carreira dun mesmo corpo docente con destino definitivo condicionen a súa voluntaria participación á obtención de destino nun ou varios centros dunha provincia determinada.

2. Este dereito terá as seguintes peculiaridades:

2.1. As persoas participantes incluirán nas súas peticións centros ou localidades dunha soa provincia, a mesma para cada grupo de concorrencia. Os centros poderán corresponder á mesma provincia na que teña ou teñan destino definitivo.

2.2. O número de persoas participantes en cada grupo será, como máximo, de catro, sendo preciso que cada unha presente solicitude por separado.

2.3. A adxudicación de destino virá determinada pola aplicación do baremo de méritos que se indica no anexo XVII.

2.4. Esta modalidade de participación ten como finalidade que todas as persoas participantes dun mesmo grupo obteñan á vez destino nun ou varios centros dunha mesma provincia. En caso de que algunha delas non puidesen obter unha praza consideraranse desestimadas por esta vía as solicitudes das restantes persoas compoñentes do grupo.

3. O persoal docente que se acolla a esta modalidade de participación deberá cubrir os datos de identificación das persoas funcionarias que o exerzan conxuntamente coa persoa solicitante. A omisión ou a formalización incorrecta de calquera destes datos levará consigo á anulación de todas as solicitudes do conxunto de persoas concorrentes.

Vixésima. *Forma de participación*

1. As solicitudes (anexo I) presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal (código de procedemento ED012A).

As solicitudes tamén poderán cubrirse na páxina web http://www.edu.xunta.gal/cxt e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (https://sede.xunta.gal/chave365)

Na solicitude consignarase o código do corpo e da especialidade que figuran nas bases desta convocatoria. Cando se concurse por máis dunha especialidade, o persoal concursante presentará unha única solicitude e, no suposto de participar no concurso de traslados por máis dun corpo, presentarase unha solicitude por cada corpo que se participa. No caso de presentar máis dunha solicitude do mesmo tipo soamente se admitirá a última presentada na sede electrónica da Xunta de Galicia neste procedemento normalizado.

No suposto de participar no concurso de traslados por máis dun corpo, presentarase unha solicitude por cada corpo que se participa.

2. Documentación complementaria.

Non será necesaria a presentación de documentación complementaria xunto coa solicitude de participación no concurso de traslados. Con todo, o persoal concursante deberá proceder do modo que se indica a seguir:

2.1. Persoal concursante con expediente actualizado.

De conformidade co establecido no artigo 4.3 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A), todos os datos, tanto de identificación como académicos e profesionais que obren no expediente empregaranse na tramitación e valoración de requisitos e méritos nos correspondentes procesos, entre outros, de provisión de postos de traballo, de xeito que non é necesaria a súa xustificación.

O persoal concursante poderá verificar todos os méritos que constan no seu expediente mediante a lapela que permite o acceso ao expediente persoal desde a solicitude de participación no concurso xeral de traslados. Así mesmo, na solicitude de participación do concurso poderá comprobar aqueles méritos que se consideran para os efectos de baremo desta convocatoria así como a puntuación total e por apartados, epígrafes e subepígrafes, de ser o caso, que se lle outorga.

Para estes efectos, a baremación da epígrafe 4.1 do anexo XVIII desta convocatoria para o corpo de inspectores de educación e das epígrafes 6.1 e 6.3 do anexo XVII para os restantes corpos é a outorgada pola comisión de valoración para o persoal que participou no concurso de traslados convocado pola Orde de 8 de novembro de 2010 (DOG do 16 de novembro) ou nas convocatorias seguintes. No suposto de estar de acordo coa puntuación outorgada deberá marcar a opción de *"Acóllome ao baremo do último concurso no que participei"* na solicitude de actualización do expediente e non será necesario neste caso a presentación desta solicitude de actualización. No

caso de posuír nestas epígrafes novos méritos perfeccionados con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da última convocatoria pola que participaron ou, se con carácter excepcional, o persoal interesado discrepa da puntuación outorgada nelas, deberá proceder segundo o establecido na subepígrafe 2.2.1 desta base para o persoal concursante sen expediente actualizado**.**

De estar conforme coa puntuación outorgada, o persoal concursante unicamente deberá presentar a solicitude de participación no concurso xeral de traslados de acordo co establecido no apartado primeiro desta base.

2.2 Persoal concursante con expediente sen actualizar.

No prazo de presentación de solicitudes establecido na base vixésimo segunda desta orde, o persoal docente que participe no concurso de traslados e non teña o seu expediente actualizado, ademais de presentar a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos (código de procedemento ED012A), deberá presentar a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto coa documentación xustificativa de acordo co establecido no artigo 7 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A).

Para optar a prazas dos centros plurilingües deberá constar o título ou certificado acreditativo da competencia lingüística do idioma correspondente no expediente do persoal concursante.

2.2.1. Alegacións aos méritos recollidos nas epígrafes 4.1 do anexo XVIII e 6.1 e 6.3 do anexo XVII.

A baremación destas epígrafes é a outorgada pola comisión de avaliación para o persoal que participou no concurso de traslados convocado pola Orde de 8 de novembro de 2010 (DOG do 16 de novembro) ou nas convocatorias seguintes.

No suposto de posuír nestas epígrafes novos méritos perfeccionados con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da última convocatoria pola que participaron deberán marcar a opción de *“Acóllome ao baremo pero desexo alegar publicacións posteriores ao último concurso no que participei”* na lapela correspondente da solicitude de actualización do expediente e, ademais de presentar a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos (código de procedemento ED012A), deberán presentar tamén por medios electrónicos a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto coa documentación xustificativa de acordo co establecido no artigo 7 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido,

uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A).

Se con carácter excepcional, o persoal interesado discrepa da puntuación outorgada nestas epígrafes, deberá marcar na lapela correspondente da solicitude de actualización do expediente a opción de *"Non me acollo ao baremo e quero voltar a alegar todo"* e, ademais de presentar a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos (código de procedemento ED012A), deberán presentar tamén por medios electrónicos a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto coa documentación xustificativa de acordo co establecido no artigo 7 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A). Neste concreto suposto, no procedemento código ED011A deberá achegar xunto coa solicitude toda a documentación para a cal solicita baremación relativa a estas epígrafes.

No tocante á presentación dos arquivos electrónicos relativos á devandita documentación xustificativa deberá aterse aos requirimentos técnicos soportados pola sede electrónica da Xunta de Galicia, que poden consultarse na lapela de presentación: «Presentar documentación de gran tamaño: Consulte como proceder cos documentos de gran tamaño e en distintos formatos», que figuran na guía de procedementos e servizos correspondente ao procedemento código ED011A.

2.3. Incorporación das novas alegacións ao expediente persoal

A Comisión baremadora a que se fai referencia na base vixésimo cuarta será a competente para a verificación da documentación presentada no procedemento código ED011A e posterior incorporación ao expediente do persoal docente, sen prexuízo do establecido no artigo 6.1 da Orde do 2 de xuño de 2021 no relativo ás competencias de recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación do profesorado.

A nova baremación resultante dos méritos alegados reflectirase no baremo do concurso de traslados cando as novas alegacións sexan validadas, de ser o caso, por esta comisión e poderá ser consultada polo persoal concursante na lapela Baremo existente na solicitude de participación do concurso.

3. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.

3.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

3.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. O persoal participante forzoso que nunca obtivo o seu primeiro destino definitivo poderá acollerse a non ter puntuación no concurso, marcando esta opción na lapela de baremación. Neste caso, participará no concurso unicamente coa puntuación que corresponda polas subepígrafes 1.1.2 e 1.2.1 do baremo que se publica como anexo XVII a esta orde.

5. Aínda cando se concorra a prazas de diferentes especialidades, soamente poderá obterse un único destino.

Vixésimo primeira. *Data en que se deben reunir os requisitos de participación e de méritos*

Todos os requisitos de participación, sen prexuízo do establecido na base común décimo terceira, así como os méritos alegados teñen que reunirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e serán acreditados na forma que se establece na presente convocatoria.

Non serán tidos en conta aqueles méritos alegados que non fosen debidamente xustificados no prazo de presentación de solicitudes establecido na base vixésimo segunda así como aqueles que non se presenten por medios electrónicos e de acordo co establecido na Orde de 2 de xuño de 2021 (ED011A), agás no suposto excepcional previsto nesta convocatoria para os documentos de gran tamaño ou en formatos non admitidos pola sede electrónica. Sen prexuízo do anterior, cando a documentación achegada non reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria, requirirase por medios electrónicos á persoa interesada para que achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que se así non o fixer, se lle terá por desistida da súa petición ou non se terá en conta o mérito alegado correspondente.

Vixésimo segunda. *Prazo de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes do concurso de traslados, mediante o procedemento normalizado ED012A, será desde o día  de novembro ata o  de novembro de 2023, ambos os dous incluídos. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas e os seus termos terán carácter vinculante para as persoas solicitantes. Así mesmo, tampouco se admitirá ningunha documentación complementaria alegada mediante o procedemento ED011A, de conformidade co establecido na base vixésima, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes do concurso de traslados.

Vixésimo terceira. *Notificacións*

1.As notificacións de resolucións e actos administrativos que non vaian ser obxecto de publicación de conformidade co previsto nesta orde practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4 As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5 Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

Vixésimo cuarta. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Vixésimo quinta. *Forma de realizar as peticións*

1. No prazo establecido na base vixésimo segunda, o persoal participante deberá manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, consignando os centros que soliciten por orde de preferencia, cos números de código e especialidade que figuran nos anexos á presente orde.

2. Prazas dos centros plurilingües.

Nas prazas dos centros plurilingües especificarase na solicitude o código 1, 2 ou 3 segundo o idioma sexa francés, inglés ou alemán, respectivamente, no recadro correspondente da petición da sección bilingüe (B). Cando a praza no centro queira solicitarse sen impartirse en lingua estranxeira e posteriormente impartíndose en lingua estranxeira deberá repetirse o código do centro, nun caso sen poñer o código 1, 2 ou 3, e noutro poñéndoo.

3. Prazas itinerantes.

Se as prazas que se solicitan teñen carácter de itinerante deberá facerse constar tal circunstancia marcando cun "1" o recadro correspondente (columna "I"). Cando a praza no centro queira solicitarse sen itinerancia e posteriormente con itinerancia deberá repetirse o código do centro, nun caso sen marcar a columna "I", e noutro marcándoa.

No suposto de formular petición á localidade deberá procederse do mesmo xeito se se queren solicitar prazas con itinerancia e sen itinerancia.

4. Prazas con requisito de coñecemento da lingua galega.

No suposto de solicitar prazas dalgunha das especialidades relacionadas no punto 2 da base común décimo segunda desta convocatoria, consignarase un 1 no recadro referido ao perfil lingüístico. Nas prazas das restantes especialidades especificarase un 0 ou deixarase en branco.

5. Peticións a centro ou á localidade.

As peticións poderán facerse a centro concreto ou á localidade, sendo compatibles ambas as dúas modalidades.

Nas peticións formuladas á localidade non están incluídos os centros rurais agrupados. Para o suposto de que se desexe á adxudicación nos colexios rurais agrupados deberán solicitarse preceptivamente por código de centro.

No caso do persoal participante polo corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, ou o corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional nas peticións formuladas á localidade non están incluídos os centros de educación especial. Para o suposto de que se desexe a adxudicación nos centros de educación especial deberán solicitarse preceptivamente por código de centro.

6. Número de peticións máximas que poden realizarse.

O número de peticións que cada participante pode incluír na súa solicitude non poderá exceder de 400 nos corpos de profesores de ensino secundario e de 500 no corpo de mestres, aínda que estas poderán ser a centro e/ou localidades, como se específica no apartado anterior.

Vixésimo sexta. *Comisión de avaliación*

1. Para avaliar os méritos alegados polas persoas concursantes, no que se refire ás subepígrafes 4.1 do anexo XVIII e 6.1 e 6.3 do anexo XVII da presente orde, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades designará unha Comisión de Avaliación, composta polas seguintes persoas:

Presidencia: unha persoa funcionaria do corpo de inspectores de educación ou do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa designado polo director xeral de Centros e Recursos Humanos.

Vogais:

• Unha persoa funcionaria do corpo de inspectores de educación ou do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa.

• Dúas persoas funcionarias do corpo de catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesores de ensino secundario.

• Unha persoa funcionaria do corpo de profesores técnicos de formación profesional ou do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

• Unha persoa funcionaria do corpo de catedráticos ou de profesores de escolas oficiais de idiomas.

• Unha persoa funcionaria do corpo de profesores de música e artes escénicas.

• Unha persoa funcionaria do corpo de profesores ou de mestres de taller de artes plásticas e deseño.

• Dúas persoas funcionarias do corpo de mestres.

Actuará como persoa secretaria da comisión a persoa vogal con menor antigüidade na función pública docente como persoal funcionario de carreira, agás que a comisión acorde determinalo doutro xeito.

Os vogais serán designados por sorteo público entre o persoal funcionario de carreira do corpo correspondente con destino definitivo na localidade de Santiago de Compostela, adecuándose ao criterio de paridade entre muller e home. O sorteo terá lugar o día 14 de novembro de 2023, ás 10.00 horas, na sala de xuntas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Poderá asistir ás reunións da comisión avaliadora unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

A Comisión de Avaliación poderá solicitar o asesoramento que considere oportuno.

As persoas membros da comisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015. do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Esta Comisión de Avaliación terá a súa sede na Inspección educativa de Santiago de Compostela, sita na rúa Besada, San Lázaro 107, código postal 15703.

2. A asignación de puntuación que corresponde ao persoal concursante polos restantes apartados do baremo de méritos será realizada por persoal destinado na Subdirección Xeral de Recursos Humanos ou por unha comisión constituída por persoas funcionarias destinadas na Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

3. Estas comisións estarán cualificadas na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo).

Vixésimo sétima. *Criterios de prioridade na adxudicación de destinos*

1. Dereito preferente a centro.

a) O dereito preferente a centro considerado no artigo 16 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, implica, en canto á obtención de destino, unha prelación respecto ás persoas participantes que exerzan o dereito preferente a localidade e zona educativa.

b) Entre varios dereitos preferentes ao mesmo centro a prelación virá determinada pola orde en que os supostos se relacionan na base décimo quinta da presente convocatoria.

c) Se hai dúas ou máis persoas participantes con dereito a centro que participan polo mesmo apartado, a prioridade virá determinada pola maior puntuación total na aplicación do baremo de méritos.

d) No caso en que se produzan empates na puntuación total, utilizarase como primeiro criterio de desempate o maior tempo de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira no centro.

e) De resultar necesario, aplicaranse os demais criterios previstos no apartado 3 desta base común.

2. Dereito preferente a localidade ou zona educativa.

Coa finalidade de establecer o dereito á reserva dunha praza da localidade ou zona educativa, establecerase a seguinte prioridade:

a) Entre varios dereitos preferentes á mesma localidade, a prelación virá determinada pola orde en que os supostos se relacionan na base común décimo oitava da presente convocatoria.

b) Se hai dúas ou máis persoas participantes con dereito á localidade que participan polo mesmo apartado, a prioridade virá determinada pola maior puntuación total na aplicación do baremo de méritos.

c) No suposto de que se produzan empates no total das puntuacións, aplicaranse os criterios de desempate establecidos no punto terceiro da presente base.

Obtida a reserva á localidade e especialidade como consecuencia do exercicio do dereito preferente, o centro concreto adxudicarase en concorrencia coas persoas participantes que non exercen o dereito preferente, e determinarase a súa prioridade de acordo co baremo establecido.

Se realizada a adxudicación das peticións voluntarias a persoa interesada non obtivese unha praza, asignarase de oficio o centro que teña un número de orde máis baixo entre os que queden

vacantes na localidade e especialidade reservada. A reserva previa garante que, polo menos, quedará sempre unha praza para cada persoa participante nesta situación.

3. Adxudicación ordinaria.

Sen prexuízo da prioridade determinada polo exercicio dos dereitos preferentes previstos na convocatoria, o concurso resolverase atendendo á puntuación resultante da aplicación do baremo de méritos contidos nos anexos XVII ou XVIII.

No caso de producirse empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada un dos apartados do baremo, conforme á orde en que aparecen nel. Se persistise o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas epígrafes pola orde, igualmente, en que aparecen no baremo. En ambos os dous casos, a puntuación que se tome en consideración en cada apartado ou epígrafe non poderá exceder da puntuación máxima establecida para cada unha deles no baremo, nin, no suposto das subepígrafes, a que corresponda como máximo á epígrafe na que se atopen incluídas. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada a epígrafe á que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, empregarase como criterio de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola que resultou seleccionada.

4. A adxudicación de destinos ao persoal funcionario en prácticas farase tendo en conta a puntuación obtida no proceso selectivo e, se é o caso, o número de orde obtido no devandito proceso.

Vixésimo oitava. *Adxudicación de oficio*

1. No caso das modalidades de participación obrigatoria, atenderase en primeiro lugar ás peticións voluntarias a centro ou localidade que a persoa interesada consignase na súa solicitude.

2. Cando a persoa participante estea obrigada a obter destino, de acordo coas normas desta convocatoria, no caso de non obter adxudicación entre as prazas consignadas voluntariamente, procederase a tentar a adxudicación de oficio, para o cal a aplicación informática de resolución do concurso xerará tantas peticións como resulte de combinar as táboas para a adxudicación de oficio, referidas a ámbitos territoriais, especialidades, vernáculos e bilingüismo.

3. A aplicación informática de resolución do concurso xerará tantas peticións de oficio a cada provincia como combinacións sexan posibles de provincia máis especialidade, máis vernáculo, máis

bilingüe, na orde de prioridade, que veñan consignadas nas correspondentes táboas e na orde que se consigne.

4. Cando a persoa concursante non consignase todas as provincias para a adxudicación de oficio, as que falten serán incorporadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades . En primeiro lugar engadirá a provincia de orixe e a continuación as restantes por orde crecente de código.

Así mesmo, de non constar todas as especialidades das que é titular ou nas que está habilitada, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades incorporaraas na orde de código da especialidade.

5. Durante o proceso de adxudicación de vacantes percorreranse sucesivamente, para cada provincia, especialidade e, se é o caso, vernáculo e bilingüe, todos os centros pola orde que figuran nos anexos da presente convocatoria, en función do corpo polo que se concurse, ata que se atope unha vacante a adxudicar.

6. Para os efectos de prioridade de obtención de destino as peticións xeradas de oficio terán o mesmo tratamento que as peticións consignadas voluntariamente pola persoa interesada, é dicir, aplicaráselles o mesmo baremo e criterios de desempate, de modo que un docente en participación obrigatoria ao que teña que adxudicárselle de oficio obterá destino antes ca outro con menor puntuación que el ou ela, aínda que este último solicitase a mesma praza voluntariamente.

7. En ningún caso se adxudicarán de oficio prazas itinerantes, as bilingües, nin aquelas para as que non se reúnen os requisitos. As prazas bilingües non se adxudicarán tampouco de oficio agás que o persoal concursante as solicite expresamente na lapela correspondente á adxudicación de oficio.

Vixésimo novena. *Resolución provisional do concurso*

Unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as actas da Comisión de Avaliación, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme ás peticións e aos méritos das persoas participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicos mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/).

Trixésima. *Reclamacións e renuncias*

O persoal concursante poderá presentar reclamacións ás resolucións provisionais por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (www.edu.xunta.gal).

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

Así mesmo, no mesmo prazo de dez (10) días hábiles, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá. Está renuncia afectará a todas as peticións e especialidades consignadas na súa solicitude de participación. A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.es/cxt) na lapela habilitada para estes efectos.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, o persoal funcionario docente desprazado por falta de horario, que participe no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias desde que se produciu a situación de desprazado, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro ou localidade.

Trixésimo primeira. *Resolución definitiva*

Consideradas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará as resolucións definitivas destes concursos de traslados. As citadas resolucións publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/). As prazas adxudicadas na citada resolución son irrenunciables, polo que as persoas participantes deberán incorporarse ás prazas obtidas. Non obstante, cando se participe simultaneamente por distintos corpos docentes e se obteña destino en máis dun, deberase optar por un deles no prazo de dez (10) días hábiles seguintes á publicación da resolución definitiva mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. De non se realizar a devandita opción, deberase tomar posesión na praza obtida correspondente ao corpo desde o que se participou en situación de servizo activo. As prazas ás que non se opte terán a consideración de

vacantes desertas e cubriranse regulamentariamente na forma que determine a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

As persoas concursantes que obteñan praza neste concurso nalgunha das especialidades non relacionadas na base décimo segunda.2, estarán obrigadas, no prazo de dous anos contados a partir do 1 de setembro de 2024, a obter, polo menos, o certificado de lingua galega (Celga 4), agás que acrediten telo superado con anterioridade ou que posúan dalgunha das súas validacións ou homologacións.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución definitiva non poderá exceder os seis meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse rexeitadas por silencio administrativo.

Contra a resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Trixésimo segunda. *Reingresos ao servizo activo*

O profesorado excedente que reingrese ao servizo activo como consecuencia do concurso presentará ante a xefatura territorial de que dependa o centro obtido mediante o concurso de traslados, declaración responsable de non se encontrar separado de ningún corpo ou escala da Administración do Estado, das comunidades autónomas ou da local, en virtude de expediente disciplinario, e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e o certificado negativo de antecedentes penais por delitos sexuais.

Trixésimo terceira. *Mobilidade por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual*

1. De conformidade co establecido no artigo 102 da Lei 2/2015, do 29 de abril, as funcionarias vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade na que viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o dereito a asistencia integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, de análogas características, sen necesidade de que a dita vacante sexa de necesaria cobertura mediante o concurso de traslados. Aínda así, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estará obrigada a comunicarlles as vacantes situadas na mesma localidade ou localidades que as interesadas expresamente soliciten.

2. Se concorreran as circunstancias previstas legalmente, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades adxudicará unha praza ou posto propio do seu corpo e especialidade. Esta adxudicación terá carácter definitivo sempre que a interesada estea conforme. Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

3. Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero ou coa violencia sexual, protexerase a intimidade das vítimas, en especial os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

4. Para o devandito traslado, as interesadas indicarán a localidade ou localidades da súa preferencia, así como a especialidade ou especialidades solicitadas.

A situación de violencia de xénero acreditarase coa orde de protección a favor da vítima. Excepcionalmente, será título de acreditación desta situación o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a persoa demandante é vítima de violencia de xénero ata que se dite a orde de protección.

Pola súa vez, a situación de violencia sexual acreditarase de conformidade co artigo 37 da Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

Trixésimo cuarta. *Toma de posesión*

A toma de posesión dos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2024.

Disposición adicional primeira. *Recursos*

De conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderase recorrer potestativamente en reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou poderá formularse directamente recurso contencioso- administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa Disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o/s modelo/s normalizado/s aplicable/s na tramitación do/s procedemento/s regulado/s nesta disposición, poderá/n ser actualizado/s co fin de mantelo/s adaptado/s á normativa vixente. A estes efectos será suficiente a publicación do/s modelo/s actualizado/s na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará/n permanentemente accesible/s para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ......de outubro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

INSÍRASE NO DOG

# ANEXO IX
## Especialidades do corpo de catedráticos y de profesores de ensino secundario (corpo 590)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 001 | Filosofía |
| 002 | Grego |
| 003 | Latín |
| 004 | Lingua castelá e literatura |
| 005 | Xeografía e historia |
| 006 | Matemáticas |
| 007 | Física e química |
| 008 | Bioloxía e xeoloxía |
| 009 | Debuxo |
| 010 | Francés |
| 011 | Inglés |
| 012 | Alemán |
| 015 | Portugués |
| 016 | Música |
| 017 | Educación física |
| 018 | Orientación educativa |
| 019 | Tecnoloxía |
| 053 | Lingua e literatura galega |
| 061 | Economía |
| 101 | Administración de empresas |
| 102 | Análise e química industrial |
| 103 | Asesoría e procesos de imaxe persoal |
| 104 | Construcións civís e edificacións |
| 105 | Formación e orientación laboral |
| 106 | Hostalaría e turismo |
| 107 | Informática |
| 108 | Intervención sociocomunitaria |
| 109 | Navegación e instalacións mariñas |
| 110 | Organización e xestión comercial |
| 111 | Organización e proc. de mantemento de vehículos |
| 112 | Organización e proxectos de fabricación mecánica |
| 113 | Organización e proxectos sistemas enerxéticos |
| 114 | Procesos de cultivo acuícola |
| 115 | Procesos de produción agraria |
| 116 | Procesos na industria alimentaria |
| 117 | Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos |
| 118 | Procesos sanitarios |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 119 | Procesos e medios de comunicación |
| 120 | Procesos e produtos de téxtil, confección e pel |
| 121 | Procesos e produtos do vidro e cerámica |
| 122 | Procesos e produtos en artes gráficas |
| 123 | Procesos e produtos en madeira e moble |
| 124 | Sistemas electrónicos |
| 125 | Sistemas electrotécnicos e automáticos |
| 205 | Instalación e mantemento de equipos térmicos e fluídos |
| 206 | Instalacións electrotécnicas |
| 207 | Instalacións e equipamentos de cría e cultivo |
| 208 | Laboratorio |
| 210 | Máquinas, servizos e produción |
| 212 | Oficina de proxectos de construción |
| 213 | Oficina de proxectos de fabricación mecánica |
| 214 | Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios |
| 215 | Operacións de procesos |
| 216 | Operacións e equipos de produción agraria |
| 219 | Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico |
| 220 | Procedementos sanitarios e asistenciais |
| 221 | Procesos comerciais |
| 222 | Procesos de xestión administrativa |
| 224 | Produción téxtil e tratamentos físico-químicos |
| 225 | Servizos á Comunidade |
| 227 | Sistemas e aplicacións informáticas |
| 229 | Técnicas e procedementos de imaxe e son |
| 231 | Equipos electrónicos |

ANEXO X

## Especialidades do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional (corpo 598)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 001 | Cociña e pastelaría |
| 002 | Estética |
| 003 | Fabricación e instalación de carpintaría e moble |
| 004 | Mantemento de vehículos |
| 005 | Mecanizado e mantemento de máquinas |
| 006 | Patronaxe e confección |
| 007 | Peiteado |
| 008 | Produción de artes gráficas |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 009 | Servizos de restauración |
| 010 | Soldadura |

## ANEXO XI
## Especialidades do corpo de catedráticos y de profesores de escolas oficiais de idiomas (corpo 592)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 001 | Alemán |
| 002 | Árabe |
| 004 | Chinés |
| 006 | Español |
| 008 | Francés |
| 009 | Galego |
| 011 | Inglés |
| 012 | Italiano |
| 013 | Xaponés |
| 015 | Portugués |
| 017 | Ruso |

## ANEXO XII
## Especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas e Artes Escénicas (corpo 593)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 001 | Acordeón |
| 003 | Arpa |
| 005 | Danza Clásica |
| 006 | Canto |
| 007 | Caracterización |
| 008 | Clarinete |
| 009 | Clave |
| 010 | Composición |
| 012 | Concertación |
| 014 | Contrabaixo |
| 017 | Danza española |
| 018 | Baile Flamenco |
| 020 | Dirección de coro |
| 023 | Dirección de orquestra |
| 025 | Escena lírica |
| 029 | Expresión corporal |
| 030 | Fagot |
| 031 | Frauta de bico |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 032 | Frauta travesa |
| 033 | Etnomusicoloxía |
| 035 | Guitarra |
| 036 | Guiatarra Flamenca |
| 039 | Historia da música |
| 045 | Lingua alemá |
| 046 | Lingua francesa |
| 047 | Lingua inglesa |
| 048 | Lingua italiana |
| 050 | Música de cámara |
| 051 | Musicoloxía |
| 052 | Óboe |
| 053 | Órgano |
| 057 | Pedagoxía |
| 058 | Percusión |
| 059 | Piano |
| 061 | Improvisación e acompañamento |
| 063 | Repertorio con piano para voz |
| 066 | Saxofón |
| 072 | Trombón |
| 074 | Trompa |
| 075 | Trompeta |
| 076 | Tuba |
| 077 | Viola |
| 078 | Violín |
| 079 | Violoncelo |
| 080 | Tixtu |
| 081 | Baixo eléctrico |
| 082 | Batería de jazz |
| 083 | Cante flamento |
| 084 | Canto de jazz |
| 085 | Composición de jazz |
| 086 | Contrabaixo de jazz |
| 087 | Dulzaina |
| 088 | Flabiol I Tambori |
| 089 | Flamencoloxía |
| 090 | Gaita |
| 091 | Guitarra eléctrica |
| 092 | Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco |
| 093 | Instrumentos de púa |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 094 | Instrumentos de vento de jazz |
| 095 | Instrumentos históricos de corda fretada |
| 096 | Instrumentos históricos de tecla |
| 097 | Instrumentos históricos de Vento |
| 098 | Repertorio con piano para instrumentos |
| 099 | Teclados piano jazz |
| 100 | Tecnoloxía musical |
| 101 | Tenora I Tible |
| 102 | Viola de gamba |
| 103 | Análise e práctica do repertorio de baile flamenco |
| 104 | Análise e práctica do repertorio da danza clásica |
| 105 | Análise e práctica do repertorio de danza contemporánea |
| 106 | Análise e práctica de repertorio de danza española |
| 107 | Ciencias da saúde aplicadas á danza |
| 108 | Composición coreográfica |
| 109 | Danza contemporánea |
| 110 | Danza educativa |
| 111 | Escenificación aplicada á danza |
| 112 | Historia da danza |
| 113 | Psicopedagoxía e xestión educativa |
| 114 | Tecnoloxías aplicadas á danza |
| 115 | Produción e xestión de música e artes escénicas |
| 116 | Acrobacia aplicada á arte dramática |
| 117 | Creación audiovisual |
| 118 | Dramaturxia e escritura dramática |
| 119 | Esgrima aplicado á arte dramática |
| 120 | Estética e historia da arte |
| 121 | Indumentaria |
| 122 | Interpretación no audiovisual |
| 123 | Interpretación no teatro musical |
| 124 | Interpretación no teatro do texto |
| 125 | Linguaxe musical aplicado ao arte dramático |
| 126 | Pedagoxía teatral |
| 127 | Pianista acompañante aplicado ao arte dramático |
| 128 | Produción e xestión teatral |
| 129 | Técnicas gráficas para a escena |
| 130 | Teoría das artes do espectáculo |
| 441 | Canto aplicado ao arte dramático |
| 443 | Danza aplicada ao arte dramático |
| 444 | Dicción e expresión oral |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 445 | Dirección escénica |
| 448 | Espazo escénico |
| 450 | Iluminación |
| 452 | Interpretación con obxectos |
| 454 | Interpretación no teatro do xesto |
| 455 | Literatura dramática |
| 456 | Técnicas escénicas |

## ANEXO XIII
## Especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas (corpo 594)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 007 | Caracterización |
| 116 | Acrobacia aplicada á arte dramática |
| 117 | Creación audiovisual |
| 118 | Dramaturxia e escritura dramática |
| 119 | Esgrima aplicada á arte dramática |
| 120 | Estética e historia da arte |
| 121 | Indumentaria |
| 122 | Interpretación no audiovisual |
| 123 | Interpretación no teatro musical |
| 124 | Interpretación no teatro do texto |
| 125 | Linguaxe musical aplicado ao arte dramático |
| 126 | Pedagoxía teatral |
| 127 | Pianista acompañante aplicado ao arte dramático |
| 128 | Produción e xestión teatral |
| 129 | Técnicas gráficas para a escena |
| 130 | Teoría das artes do espectáculo |
| 401 | Acordeón |
| 402 | Arpa |
| 403 | Canto |
| 404 | Clarinete |
| 405 | Clave |
| 406 | Contrabaixo |
| 407 | Coro |
| 408 | Fagot |
| 409 | Flabiol i tambori |
| 410 | Frauta travesa |
| 411 | Frauta de bico |
| 412 | Fundamentos de composición |
| 413 | Gaita |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 414 | Guitarra |
| 415 | Guitarra flamenca |
| 416 | Historia da música |
| 417 | Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco |
| 418 | Instrumentos de puga |
| 419 | Óboe |
| 420 | Órgano |
| 421 | Orquestra |
| 422 | Percusión |
| 423 | Piano |
| 424 | Saxofón |
| 425 | Tenora i tible |
| 426 | Trombón |
| 427 | Trompa |
| 428 | Trompeta |
| 429 | Tuba |
| 430 | Txistu |
| 431 | Viola |
| 432 | Viola da gamba |
| 433 | Violín |
| 434 | Violonchelo |
| 435 | Danza española |
| 436 | Danza clásica |
| 437 | Danza contemporánea |
| 438 | Flamenco |
| 439 | Historia da danza |
| 441 | Canto aplicado á arte dramática |
| 443 | Danza aplicada á arte dramática |
| 444 | Dicción e expresión oral |
| 445 | Dirección escénica |
| 448 | Espazo escénico |
| 449 | Expresión corporal |
| 450 | Iluminación |
| 452 | Interpretación con obxectos |
| 454 | Interpretación no teatro do xesto |
| 455 | Literatura dramática |
| 456 | Técnicas escénicas |
| 460 | Linguaxe musical |
| 461 | Baixo eléctrico |
| 462 | Dulzaina |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 463 | Guitarra eléctrica |
| 464 | Repertorio con piano para danza |
| 465 | Cante flamenco |

## ANEXO XIV
## Especialidades do corpo de catedráticos e de profesores de artes plásticas e deseño (corpo 595)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 501 | Cerámica |
| 502 | Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos |
| 503 | Conservación e restauración de obras escultóricas |
| 504 | Conservación e restauración de obras pictóricas |
| 505 | Conservación e restauración de téxtiles |
| 506 | Conservación e restauración do documento gráfico |
| 507 | Debuxo artístico e cor |
| 508 | Debuxo técnico |
| 509 | Deseño interiores |
| 510 | Deseño de moda |
| 511 | Deseño de produto |
| 512 | Deseño gráfico |
| 513 | Deseño téxtil |
| 514 | Edición da arte |
| 515 | Fotografía |
| 516 | Historia da arte |
| 517 | Xoiaría e ourivaría |
| 518 | Materiais e tecnoloxía: cerámica e vidro |
| 519 | Materiais e tecnoloxía: conservación e restauración |
| 520 | Materiais e tecnoloxía: deseño |
| 521 | Medios audiovisuais |
| 522 | Medios informáticos |
| 523 | Organización industrial e lexislación |
| 524 | Vidro |
| 525 | Volume |

## ANEXO XV
## Especialidades do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño (corpo 596)

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 601 | Artesanía e ornamentación con elementos vexetais |
| 602 | Bordados e encaixes |
| 603 | Complementos e accesorios |

| Código | Especialidade |
|---|---|
| 604 | Dourado e policromía |
| 605 | Ebanistaría artística |
| 606 | Encadernación artística |
| 607 | Esmaltes |
| 608 | Fotografía e procesos de reprodución |
| 609 | Modelismo e maquetismo |
| 610 | Moldes e reproducións |
| 611 | Musivaria |
| 612 | Talla en pedra e madeira |
| 613 | Técnicas cerámicas |
| 614 | Técnicas de gravado e estampación |
| 615 | Técnicas de xoiaría e bixutaría |
| 616 | Técnicas de ourivaría e prataría |
| 617 | Técnicas de patronaxe e confección |
| 618 | Técnicas de metal |
| 619 | Técnicas murais |
| 620 | Técnicas téxtiles |
| 621 | Técnicas vidreiras |

## ANEXO XVI
## Códigos das especialidades do corpo de mestres

| LOXSE infantil e primaria | Código | LOXSE 1.º ciclo da ESO | Código |
|---|---|---|---|
| Educación infantil | 31 | Ciencias sociais: xeografía e historia | 21 |
| Lingua estranxeira: inglés | 32 | Ciencias da natureza | 22 |
| Lingua estranxeira: francés | 33 | Matemáticas | 23 |
| Educación física | 34 | Lingua castelá e literatura | 24 |
| Musica | 35 | Lingua estranxeira: inglés | 25 |
| Pedagoxía terapéutica | 36 | Lingua estranxeira: francés | 26 |
| Audición e linguaxe | 37 | Educación física | 27 |
| Educación primaria | 38 | Música | 28 |
| | | Educación especial: pedagoxía terapéutica | 60 |
| | | Educación especial: audición e linguaxe | 61 |
| | | Lingua galega | 67 |

## ANEXO XVII
## Baremo de prioridades na adxudicación de destinos por medio de concurso de traslados nos corpos de persoal funcionario docente que imparten docencia

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| 1. Antigüidade | | |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| 1.1. Antigüidade no centro.<br>1.1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro desde o que concursa.<br><br>Para os efectos desta subepígrafe terán a mesma valoración os servizos efectivos prestados en calquera das especialidades pertencentes ao mesmo corpo ao que pertence a vacante, con independencia do corpo no que se prestasen. | | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| Polo primeiro e segundos ano:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo. | 2,0000 puntos por ano | |
| Polo terceiro ano:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo. | 4,0000 puntos por ano | |
| Polo cuarto ano e seguintes:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo. | 6,0000 puntos por ano | |
| Para a valoración da subepígrafe 1.1.1. teranse en conta as seguintes situacións:<br>– Considérase como centro desde o que se participa no concurso aquel a cuxo equipo pertenza a persoa aspirante con destino definitivo, ou no que se estea adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por esta subepígrafe os servizos prestados como persoal funcionario no corpo a que corresponda a vacante.<br>– Nos supostos de persoal funcionario docente en adscrición temporal en centros públicos españois no estranxeiro, ou en supostos análogos, a puntuación desta subepígrafe virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na devandita adscrición. Seguirase este mesmo criterio cos que foron nomeados para postos ou outros servizos de investigación e apoio á docencia da Administración educativa sempre que o nomeamento supuxese a perda do seu destino docente.<br>Cando se cese na adscrición e se incorpore como provisional á súa Administración educativa de orixe, entenderase como centro desde o que se participa, o destino servido en adscrición, ao cal se acumularán, se é o caso, os servizos prestados provisionalmente, con posterioridade en calquera outro centro.<br>– Cando se participe desde a situación de provisionalidade por suprimírselle a praza ou posto que se viña desempeñado con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, considerarase como centro desde o que se participa o último servido con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera centro. Así mesmo, terán dereito, ademais, a que se lles acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior ao último servido con carácter definitivo. Se é o caso, a devandita acumulación estenderase aos servizos prestados con carácter definitivo nos centros que, sucesivamente, lles foron suprimidos.<br>No suposto de que non se desempeñase outro destino definitivo distinto do suprimido, terá dereito a que se lle acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter provisional antes da obtención deste; neste caso a puntuación que se outorgará axustarase ao disposto na subepígrafe 1.1.2 do baremo.<br>O disposto nos dous parágrafos anteriores será igualmente de aplicación as persoas que participen no concurso por perder o seu destino en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado forzoso con cambio de localidade de destino.<br>– Nos supostos de primeiro destino definitivo obtido tras a supresión da praza ou posto que se viña desempeñando anteriormente con carácter definitivo, consideraranse como servizos prestados no centro desde o que se concursa, os servizos que se acrediten no centro en que se lles suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase aos que obtivesen o primeiro destino tras perder o anterior por cumprimento de sentenza, resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa. | | |
| 1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.<br>Cando se trate de persoal funcionario de carreira que participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente á subepígrafe 1.1.1 sumaráselle a obtida por esta subepígrafe. Unha vez obtido un novo destino non poderá acumularse esta puntuación. | 2,0000 puntos por ano | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| 1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade. (Ver disposición complementaria segunda) | 2,0000 puntos por ano | –- Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente, acompañada dunha certificación expedida por esta, acreditativa de que a praza, posto ou centro, ten esa cualificación ou |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.<br>Esta puntuación engadirase á puntuación obtida polas subepígrafes 1.1.1 ou 1.1.2.<br>Non obstante, non se computará para estes efectos o tempo que se permanecese fóra do centro en situación de servizos especiais, en comisión de servizos, con licenzas por estudos ou en supostos análogos. | | – Certificación da Administración educativa competente onde conste a data de comezo e fin da prestación efectiva dos servizos prestados na devandita praza, posto ou centro, especificándose que teñen a cualificación de especial dificultade. |
| 1.2. Antigüidade no corpo: | | |
| 1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo ou corpos ao que corresponda a vacante:<br>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.<br>Para os efectos desta subepígrafe terán a mesma valoración os servizos efectivos prestados en calquera das especialidades pertencentes ao mesmo corpo ao que pertence a vacante, con independencia do corpo no que se prestasen. | 2,0000 puntos por ano | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| 1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior subgrupo:<br>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo. | 1,5000 puntos por ano | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| 1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE de subgrupo inferior:<br>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0625 puntos por cada mes completo. | 0,7500 puntos por ano | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal. |
| – Nos supostos recollidos neste número 1, ao persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, para os efectos de antigüidade tanto no centro como no corpo, valoraránselles os servizos prestados como persoal funcionario dos correspondentes corpos de profesores, así como os prestados como persoal funcionario dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, de escolas oficiais de idiomas e de profesores de termo de artes plásticas e de oficios artísticos.<br>– Os servizos aludidos nas subepígrafes 1.2.2 e 1.2.3 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos das subepígrafes 1.1.1 ou 1.1.2.<br>– Para os efectos das subepígrafes 1.1.1, 1.1.2, 1.2.1, 1.2.2 e 1.2.3, serán computados os servizos que se prestasen en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nas epígrafes previstas no artigo 87 do TREBEP aprobado por Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada lei. Igualmente serán computados, para estes efectos, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 do citado TREBEP que non poderá exceder os tres anos. | | |
| 2. Pertenza aos corpos de catedráticos.<br>Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de música e artes escénicas, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño. | 5,0000 puntos | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente onde conste a pertenza ao corpo de catedráticos ou título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento. |
| 3. Méritos académicos:<br>Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta, os títulos universitarios oficiais con validez no Estado español. (Ver disposición complementaria terceira) | Máximo 10 puntos | |
| 3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios: | | |
| 3.1.1. Por posuír o título de doutoramento: | 5,0000 puntos | Título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 para a aplicación dos Reais Decretos 185/1985, do 23 de xaneiro e 1496/1987, do 6 de novembro, en materia de expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 13 de xullo), na Orde ECI/2514/2007, do 13 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais de Máster e Doutor, ou no Real decreto |
| 3.1.2. Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixisen, polo menos, 60 créditos. | 3,0000 puntos | |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| | | 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto). |
| 3.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados.<br>Este mérito non se valorará cando sexa alegado o título de doutoramento. | 2,0000 puntos | Certificado-diploma correspondente. |
| 3.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música, pola mención honorífica no grao superior. | 1,0000 punto | Documentación xustificativa deste. |
| 3.2. Outras titulacións universitarias:<br>As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se participa, valoraranse da forma seguinte: | | |
| 3.2.1. Titulacións de grao:<br>Polo título universitario oficial de grao ou equivalente. | 5,0000 puntos | A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos da subepígrafe 3.1.1. |
| 3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo:<br>Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría:<br>No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por esta subepígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente.<br>No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta subepígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que se presente.<br>Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos. | 3,0000 puntos | Todos os títulos que se posúan ou certificado do pagamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).<br>Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos devanditos títulos ou ciclos. |
| 3.2.3. Titulacións de segundo ciclo:<br>Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:<br>No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que se presente.<br>As titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciatura, unicamente se valorarán como un segundo ciclo. | 3,0000 puntos | |
| 3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional:<br>As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional, no caso de non ser as esixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte: | | Para valorar os certificados das escolas oficiais de idiomas e título profesional de música ou danza:<br>Título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do devandito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes a súa obtención, xunto coa xustificación de ter pagados os dereitos de expedición do título ou certificado correspondente.<br>Para valorar as titulacións do apartado e) deberá presentarse certificación académica na que conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes á obtención dos devanditos títulos, xunto coa xustificación de ter pagados os dereitos de expedición do título ou certificado correspondente. |
| a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa: | 4,0000 puntos | |
| b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa: | 3,0000 puntos | |
| c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa: | 2,0000 puntos | |
| d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa: | 1,0000 punto | |
| Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nos puntos anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o participante. | | |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico Deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente: | 2,0000 puntos | |
| f) Por cada título profesional de Música ou Danza: | 1,5000 puntos | |
| 4. Desempeño de cargos directivos e outras funcións: (Ver disposición complementaria cuarta) | Máximo 20 puntos | |
| 4.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes, en centros de profesores e recursos ou institucións análogas establecidas polas administracións educativas nas súas convocatorias específicas, así como director/a de agrupacións de lingua e cultura españolas:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo. | 4,0000 puntos | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente na que consten as tomas de posesión e cesamento nos devanditos cargos ou nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo. |
| 4.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a e asimilados en centros públicos docentes:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,2083 puntos por cada mes completo. | 2,5000 puntos | |
| 4.3. Outras funcións docentes: | Ata 5,0000 puntos | |
| Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, asesor/a AMTEGA, asesor/a CIEDIX, asesor/a CGIFP, coordinador/a de centro plurilingüe, coordinador/a de sección bilingüe, coordinador/a de auxiliares de conversa, responsable/coordinador/a do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable /coordinador/a da dinamización das TIC, responsable/coordinador/a de biblioteca, responsable/coordinador/a da convivencia escolar, responsable de dinamización da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a de formación en centros de traballo, coordinador/a do bacharelato internacional, coordinador/a de emprendemento, coordinador/a do equipo de dinamización do Plan dixital de centro, coordinador/a de benestar e convivencia, coordinador/a de programas internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, coordinador/a de biblioteca de centro integrado, coordinador/a de residencia, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE.<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo. | 1,0000 punto | Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente na que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditas funcións, ou nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación na que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes continúase desempeñando a función docente. |
| Polas epígrafes 4.1, 4.2, 4.3, 6.4 e 6.6 só se valorará o seu desempeño como persoal funcionario. No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun destes cargos ou funcións, non poderá acumularse a puntuación e valorarase o que poida resultar máis vantaxoso para o persoal concursante. Para estes efectos, no caso de persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, teranse en conta os servizos prestados nos devanditos cargos como persoal funcionario dos correspondentes corpos de profesores, incluídos os prestados como persoal funcionario dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos. | | |
| 5. Formación e perfeccionamento: | Máximo 10 puntos | |
| 5.1. Actividades de formación superadas<br>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo a que pertenza o participante, ás prazas ou postos a que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as Administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. | Ata 6,0000 puntos | Certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais, acreditar de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa. |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do numero de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. | | |
| 5.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na epígrafe 5.1.<br>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. | Ata 3,0000 puntos | Certificado ou documento acreditativo da impartición da actividade, en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberase, ademais, acreditar de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa. |
| 5.3. Por cada especialidade da cal sexa titular correspondente ao corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso neste, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades previstos no Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro e 276/2007, do 23 de febreiro.<br>(Para os efectos desta epígrafe, no caso dos corpos de catedráticos valoraranse as especialidades adquiridas no correspondente corpo de profesores). | 1,0000 punto | Credencial de adquisición da nova especialidade expedida pola Administración educativa correspondente. |
| 6. Outros méritos: | Máximo 15 puntos | |
| 6.1. Publicacións:<br>Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.<br>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor/a sexa o seu editor/a.<br>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nesta epígrafe coas exixencias que así se indican.<br>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:<br>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>– Autor …….....…………….............. ata 1,000 punto<br>– Coautor ………..............................ata 0,5000 puntos<br>– 3 autores …….................………. ata 0,4000 puntos<br>– 4 autores …….............................. ata 0,3000 puntos<br>– 5 autores ……………….................. ata 0,2000 puntos<br>– Máis de 5 autores ......................... ata 0,1000 puntos.<br>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>– Autor ………………….................. ata 0,2000 puntos<br>– Coautor ……………….................. ata 0,1000 punto<br>– 3 ou máis autores …................… ata 0,0500 puntos. | Ata 8,0000 puntos | – No caso de libros, a seguinte documentación: *portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.<br>En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades(públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).<br>No suposto de que a editorial ou asociación tivese desaparecido, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.<br>– No caso de revistas, a seguinte documentación:<br>* portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.<br>-En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que no se tiveran difundido en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).<br>–No caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentarase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicarase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL. |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos (1) |
|---|---|---|
| 6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.<br>Pola participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación. | Ata 2,5000 puntos | A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente. |
| 6.3. Méritos artísticos e literarios:<br>– Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional.<br>– Por composicións ou coreografías estreadas como autor ou gravacións con depósito legal.<br>– Concertos como director, solista, bailarín/a, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos …).<br>– Por exposicións individuais ou colectivas. | Ata 2,5000 puntos | No caso de exposicións: programas onde conste a participación da persoa interesada e certificación da entidade organizadora.<br>No caso dos premios:certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome da/s persoa/s premiada/s, o seu ámbito e a categoría do premio.<br>No caso das composicións:certificado ou documento acreditativo no que figure que é a persoa autora e o depósito legal desta.<br>No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é a persoa autora ou intérprete e o depósito legal desta.<br>No caso dos concertos: programas onde conste a participación da persoa interesada e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como persoa directora, solista ou solista con orquestra/grupo. |
| 6.4. Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo cal participa.<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,1200 puntos por cada mes completo. | 1,5000 puntos | Nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes continúase no posto. |
| 6.5. Por cada convocatoria en que se actuase efectivamente como membro dos tribunais dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.<br>Por esta epígrafe unicamente valorarase ter formado parte dos tribunais a partir da entrada en vigor do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro (BOE do 2 de marzo). | 0,5000 puntos | Certificado expedido polo órgano da Administración educativa convocante que teña a custodia das actas dos tribunais destes procedementos. |
| 6.6. Por cada curso de titorización das prácticas do título universitario oficial de máster ou, se é o caso, da formación equivalente regulada pola Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro (BOE do 5 de outubro), para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titorización das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran. | 0,1000 punto | Certificado expedido pola Administración educativa competente ou, se é o caso, da dirección do centro público docente en que se realizase a titorización, con indicación do curso académico e duración das prácticas. |

Disposición complementaria primeira.

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, polo tanto, os méritos perfeccionados e acreditados ata a finalización deste.

Disposición complementaria segunda. *Antigüidade.*

Procederá asignar puntuación pola subepígrafe 1.1.3 ás persoas participantes no concurso que se encontren nas seguintes situacións:

a) As persoas que participen no concurso conforme á subepígrafe 1.1.1 con destino definitivo na praza, posto ou centro de especial dificultade.

b) As persoas que participen no concurso conforme á subepígrafe 1.1.2 e durante o tempo de provisionalidade que estivesen nunha praza, posto ou centro de especial dificultade.

c) As persoas participantes das subepígrafes 1.1.1 e 1.1.2 que teñan concedida unha comisión de servizos noutra praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade.

Disposición complementaria terceira. *Méritos académicos.*

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

2. Nas subepígrafes da epígrafe 3.1 soamente se valorará un título por cada un deles.

O máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas unicamente se valorará naqueles corpos en que non é exixible.

Así mesmo, para os efectos da subepígrafe 3.1.2, cando se alegue o título de Doutoramento non se valorará o título de Máster oficial que constitúa un requisito de acceso ao doutoramento.

3. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación. Para a valoración da epígrafe 3.2 non se considerarán como títulos distintos as diferentes mencións que se asenten nunha mesma titulación.

4. Os títulos universitarios obtidos no estranxeiro deberán estar homologados ou ter sido declarados equivalentes á titulación e nivel universitario oficial, de conformidade co establecido polo Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro.

No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria deberá aterse ao Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.

5. Non se baremarán polas epígrafes 3.1 e 3.2 as ensinanzas propias universitarias (títulos propios) que se expidan conforme ao artigo 36 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade e os estudos universitarios propios que sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.

6. Na epígrafe 3.2 non se valorarán as declaracións de correspondencia de títulos oficiais aos niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, emitidos ao abeiro do disposto no Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro.

Disposición complementaria cuarta. *Valoración dos cargos directivos e outras funcións.*

1. Para os efectos previstos nas epígrafes 4.1, 4.2 e 4.3 do baremo de méritos, consideraranse centros públicos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

- Institutos de bacharelato.

- Centros integrados de formación profesional.

- Centros de educación de persoas adultas, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros aos cales se refiren estas epígrafes.

- Centros de ensinanzas integradas.

Para estes mesmos efectos, considéranse centros públicos os que corresponden ás prazas dos corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas de conservatorios de música:

- Conservatorios superiores de música ou danza.

- Conservatorios profesionais de música ou danza.

- Conservatorios elementais de música.

- Escolas superiores de artes dramáticas.

- Escola superior de canto.

Para estes mesmos efectos, considéranse centros públicos asimilados ás escolas de artes plásticas e deseño os seguintes:

- Escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.

- Escolas de arte.

- Escolas de arte e superiores de deseño.

- Escolas superiores de deseño.

- Escolas de restauración e conservación de bens culturais.

2. Para os efectos previstos na epígrafe 4.2 do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

- Secretario/a adxunto/a.

- Os cargos aludidos neste punto desempeñados en seccións de formación profesional.

- Xefe/a de estudos adxunto/a.

- Xefe/a de residencia.

- Delegado/a do xefe/a de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

- Director/a-xefe de estudos de sección delegada.

- Director/a de sección filial.

- Director/a de centro oficial de padroado de ensino medio.

- Administrador/a en centros de formación profesional.

- Profesor/a delegado/a no caso da sección de formación profesional.

Disposición complementaria quinta.

Os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego e as súas validacións serán puntuables pola epígrafe 5.1 deste anexo. Non se valorarán as validacións cando de forma simultánea se acredite a realización dos correspondentes cursos. Ao mesmo tempo, puntuaranse por este punto 5.1 os cursos de especialización de lingua galega.

Disposición complementaria sexta.

O nivel avanzado de galego da escola oficial de idiomas, o ciclo superior e o certificado de aptitude certificados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, puntuaranse na epígrafe 3.3 como nivel B2.

O nivel intermedio de galego da escola oficial de idiomas e o ciclo elemental certificados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, puntuaranse na epígrafe 3.3 como nivel B1.

Disposición complementaria sétima.

En relación coa puntuación das epígrafes 6.1 e 6.3 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola Comisión de Avaliación do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

Disposición complementaria oitava

As actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, relacionadas nos artigos 32 a 40 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, para que sexan baremables no concurso de traslados deberán estar debidamente rexistradas no Rexistro Xeral das Actividades de Formación do Profesorado.

Disposición complementaria novena

Para os efectos de desempate, a puntuación outorgada ao persoal que accedeu por concurso de méritos será a que lle correspondería proporcionalmente se o baremo deste concurso tivese unha puntuación máxima de 10 puntos.

ANEXO XVIII

**Baremo de prioridades na adxudicación de destinos por medio de concurso de traslados no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e corpo de inspectores de educación**

<table>
<tr><th>Méritos</th><th>Valoración</th><th>Documentos xustificativos</th></tr>
<tr><td colspan="3">1. Antigüidade.</td></tr>
<tr><td>1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida, como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, no mesmo cadro de persoal provincial ou, se é o caso, das unidades territoriais en que estea organizada a inspección educativa.</td><td></td><td rowspan="4">Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</td></tr>
<tr><td>Polo primeiro e segundos anos:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo</td><td>2,0000 puntos por ano</td></tr>
<tr><td>Polo terceiro ano:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.</td><td>4,0000 puntos por ano</td></tr>
<tr><td>Polo cuarto ano e seguintes:<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo</td><td>6,0000 puntos por ano</td></tr>
<tr><td colspan="3">No caso do persoal funcionario obrigado a concursar por perder o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por provir da situación de excedencia forzosa ou por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, considerarase como posto desde o que participa, para os fins de determinar os servizos a que se refire esta epígrafe, o último servido con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera posto de inspección educativa. Igualmente, os mesmos criterios serán de aplicación ao persoal funcionario que participe desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria, de traslados forzosos, con cambio de localidade de destino.</td></tr>
<tr><td>1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade.<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.<br>Cando este persoal participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente a epígrafe 1.1 sumaráselle a obtida por esta epígrafe.</td><td>2,0000 puntos por ano</td><td>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</td></tr>
<tr><td>1.3. Antigüidade no corpo.</td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>1.3.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou no corpo de inspectores de educación:<br>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.<br>Para os efectos de determinar a antigüidade nestes corpos recoñeceranse os servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira nos corpos de inspectores de orixe e os prestados desde a data de acceso como docentes á función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.</td><td>2,0000 puntos por ano</td><td rowspan="2">Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</td></tr>
<tr><td>1.3.2. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE.<br>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.</td><td>1,0000 punto por ano</td></tr>
</table>

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| Os servizos aludidos na subepígrafe 1.3.2 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos cos servizos das epígrafes 1.1 ou 1.2.<br>Para os efectos previstos nas subepígrafes 1.1, 1.2, 1.3.1 e 1.3.2, serán computados os servizos que se tivesen prestado na situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nas epígrafes previstas no artigo 87 do TREBEP aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada lei. Igualmente, serán computados, para estes efectos, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 do citado TREBEP, que non poderá exceder os tres anos. | | |
| 2. Méritos académicos:<br>Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos con validez oficial no Estado español. (Ver disposición complementaria segunda). | Máximo 10 puntos | |
| 2.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios: | | |
| 2.1.1. Por posuír o título de doutoramento. | 5,0000 puntos | Título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición do titulo ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto). |
| 2.1.2. Polo título universitario oficial de máster, distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixisen, polo menos, 60 créditos: | 3,0000 puntos | |
| 2.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados.<br>Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de doutor. | 2,0000 puntos | Certificado-diploma correspondente. |
| 2.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao. | 1,0000 punto | Documentación xustificativa. |
| 2.2. Outras titulacións universitarias:<br>As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o cal se concursa ou para o acceso, no seu día, aos postos de inspección educativa valoraranse da forma seguinte: | | |
| 2.2.1. Titulacións de grao:<br>Polo título universitario oficial de grao ou equivalente. | 5,0000 puntos | A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos da subepígrafe 2.1.1. |
| 2.2.2. Titulacións de primeiro ciclo:<br>Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría.<br>Por esta subepígrafe non se valorarán en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que se presente.<br>Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos. | 3,0000 puntos | Todos os títulos que se posúan ou certificado do pagamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).<br>Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica de todos os títulos ou ciclos que se posúan, onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos ditos título ou ciclos. |
| 2.2.3. Titulacións de segundo ciclo:<br>Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:<br>Por esta subepígrafe, non se valorarán, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que se presente.<br>No caso de titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciatura, unicamente se valorarán como un segundo ciclo. | 3,0000 puntos | |
| 2.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional:<br>As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional específica, caso de non ter sido as esixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non sexan necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte: | | |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa: | 4,0000 puntos | Para valorar os certificados das escolas oficiais de idiomas e título profesional de música ou danza:<br>Título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do devandito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes a súa obtención. |
| b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa: | 3,0000 puntos | |
| c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa: | 2,0000 puntos | |
| d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa: | 1,0000 punto | |
| Cando cumpra valorar as certificacións sinaladas nos puntos anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o participante. | | |
| e) Por cada titulo de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico Deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente. | 2,0000 puntos | |
| f) Por cada título profesional de Música ou Danza: | 1,5000 puntos | |
| 3. Formación e perfeccionamento. | Máximo 10 puntos | |
| 3.1. Actividades de formación superadas:<br>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou con aspectos relacionados coa organización escolar ou co ensino, organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.<br>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferiores a 10. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. | Ata 6,0000 puntos | Certificado expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa. |
| 3.2. Pola impartición, dirección ou coordinación de actividades de formación que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou cos aspectos relacionados coa organización escolar ou co ensino organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como polas organizadas polas universidades.<br>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. | Ata 4,0000 puntos | Certificado ou documento acreditativo da impartición en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa. |
| 4. Outros méritos: | Máximo 20 puntos | |
| 4.1. Publicacións.<br>Por publicacións de carácter didáctico e científico directamente relacionadas co ensino.<br>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas.<br>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nestas epígrafes coas exixencias que así se indican.<br>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:<br>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>– Autor ………........................……. ata 1,000 punto<br>– Coautor ………................................ ata 0,5000 puntos<br>– 3 autores.………................................ ata 0,4000 puntos<br>– 4 autores ……..................................... ata 0,3000 puntos | Máximo 5,0000 puntos | – No caso de libros, a seguinte documentación:<br>* portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.<br>* En relación cos libros editados por administraciónspúblicas e universidades(públicas-privadas) que no se tiveran difundido en librerías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).<br>Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecese, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.<br>– No caso de revistas, a seguinte documentación: |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| – 5 autores ………................................. ata 0,2000 puntos<br>– Máis de 5 autores ............................... ata 0,1000 puntos.<br>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>– Autor ………….................................. ata 0,2000 puntos<br>– Coautor …………................................ ata 0,1000 puntos<br>– 3 ou máis autores ata ......................... 0,0500 puntos. | | * portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.<br>En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).<br>No caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentarase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicarase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL. |
| 4.2. Valoración do traballo desenvolvido. (Ver disposición complementaria terceira) | Máximo 10 puntos | |
| 4.2.1. Por cada ano de servizo en postos de subdirector/a xeral da Inspección de Educación, inspector/a xeral ou inspector/a xefe da Inspección Central de Educación Básica, de Bacharelato ou Ensino Medio do Estado, coordinador/a xeral de Formación Profesional, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas.<br>A fracción de ano computarase a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo. | 1,5000 puntos | Nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo. |
| 4.2.2. Por cada ano de servizo en postos de Inspector/a central, inspector/a central de Educación Básica, Bacharelato ou Ensino Medio do Estado, ou coordinador/a central de Formación Profesional, secretario/a ou administrador/a da Inspección Central, inspector/a da Subdirección Xeral da Inspección de Educación, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas.<br>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0830 puntos por cada mes completo. | 1,0000 punto | |
| 4.2.3. Por cada ano de servizo en postos de inspector xefe/a provincial de Educación Básica ou inspector/a xefe/a de distrito de Bacharelato ou Ensino Medio do Estado ou coordinador/a xefe/a provincial de Formación Profesional, ou xefe/a de servizo provincial de Inspección Técnica de Educación, xefe/a de división, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas.<br>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo. | 0,7500 puntos | |
| 4.2.4. Por cada ano como inspector xefe/a de distrito, xefe/a adxunto/a, coordinador/a de equipos sectoriais, coordinador/a de demarcación, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas.<br>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0410 puntos por cada mes completo. | 0,5000 puntos | |
| 4.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa sempre que sexan distintos dos enumerados nas subepígrafes 4.2.1 ao 4.2.4 deste anexo.<br>As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo. | 0,7500 puntos | |
| No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun cargo dos indicados nas subepígrafes 4.2.1 a 4.2.5, non poderá acumularse a puntuación, e valorarase o que puidese resultar máis vantaxoso para o concursante. | | |

| Méritos | Valoración | Documentos xustificativos |
|---|---|---|
| 4.3. Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas, de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño. | 3,0000 puntos | Título administrativo ou da credencial ou, se é o caso, do boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento. |

Disposición complementaria primeira.

Os méritos das persoas participantes deberán estar cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, por tanto, os méritos que se posúan ata a finalización deste.

Disposición complementaria segunda. *Méritos académicos.*

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

2. Nas subepígrafes do 2.1 so se valorará un título por cada un deles. Así mesmo, para os efectos da subepígrafe 2.1.2, cando se alegue o título de Doutoramento non se valorará o título de Máster oficial que constitúa un requisito de acceso ao doutoramento.

3. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación. Para a valoración da epígrafe 2.2 non se considerarán como títulos distintos as diferentes mencións que se asenten nunha mesma titulación.

4. Os títulos universitarios obtidos no estranxeiro deberán estar homologados ou ter sido declarados equivalentes á titulación e nivel universitario oficial, de conformidade co establecido polo Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro.

No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria deberá aterse ao Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.

5. Non se baremarán polas epígrafes 2.1 e 2.2 as ensinanzas propias universitarias (títulos propios) que se expidan conforme ao artigo 36 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade e os estudos universitarios propios que sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.

6. Na epígrafe 3.2 non se valorarán as declaracións de correspondencia de títulos oficiais aos niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, emitidos ao abeiro do disposto no Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro.

Disposición complementaria terceira.

En relación coa puntuación da epígrafe 4.1 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola comisión baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

ANEXO XIX

**Criterios de valoración dos apartados 6.1, 6.2 e 6.3 do concurso de traslados**

6.1. Publicacións: ata 8 puntos.

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor/a sexa o seu editor/a.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valoraranse exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se poderá asignar aos méritos baremables por esta esta epígrafe:

| | |
|---|---|
| Recensións e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc: | |
| 1 autor ou colaborador | 0,025 |
| 2 autores ou colaboradores | 0,0125 |
| Mais de 2 autores ou colaboradores | 0,00625 |
| Tradución dunha revista: | |
| Autor | 0,1 |
| 2 autores | 0,05 |
| Mais de 2 autores | 0,025 |
| Tradución ou ilustración dun libro | |
| 1 tradutor ou ilustrador | 0,5 |
| 2 tradutores ou ilustradores | 0,25 |
| 3 tradutores ou ilustradores | 0,166 |
| 4 tradutores ou ilustradores | 0,125 |
| 5 tradutores ou ilustradores | 0,1 |

| | |
|---|---|
| Mais de 5 de tradutores | 0,05 |
| Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>Autor<br>2 autores<br>3 ou mais autores | <br>0,2<br>0,1<br>0,05 |
| Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>Autor<br>2 autores<br>3 autores<br>4 autores<br>5 autores<br>Máis de 5 autores | <br>1<br>0,5<br>0,4<br>0,3<br>0,2<br>0,1 |

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a continuación:

- No caso de libros, a seguinte documentación:

* Portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades(públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

No caso de que a editorial ou asociación tivese desaparecido, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

- No caso de revistas, a seguinte documentación:

* Portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

No caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentarase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicarase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL.

6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación ou pola participación nestes proxectos: ata 2,5 puntos.

Neste apartado non se valorarán as actividades convocadas pola universidade.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| PREMIOS | 1º | 2º | 3º | accésit |
|---|---|---|---|---|
| Puntuación | 1 | 0,75 | 0,5 | 0,25 |

A participación nun proxecto de investigación ou innovación valorarase con 0,15 puntos.

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

Para a valoración destes premios e actividades deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente (non por centros docentes).

6.3. Méritos artísticos e literarios: ata 2,5 puntos.

- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Con carácter xeral non se valorarán os premios convocados en ámbitos restrinxidos.

* Por premios en concursos ou en certames literarios de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| PREMIOS | 1º | 2º | 3º | accésit |
|---|---|---|---|---|
| Puntuación | 1 | 0,75 | 0,5 | 0,25 |

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

* Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames artísticos:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| PREMIOS | 1º | 2º | 3º | accésit |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Internacionais | 1,5 | 1 | 0,5 | 0,25 |
| Nacionais | 1 | 0,75 | 0,4 | 0,2 |
| Autonómicos | 0,5 | 0,25 | 0,10 | 0,05 |
| Locais | 0,25 | 0,15 | 0,05 | 0,025 |

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

Para a valoración destes premios artísticos e literarios deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

Certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome da/s persoa/s premiada/s, o seu ámbito e a categoría do premio.

- Por composición estreadas como autor ou gravacións con depósito legal:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| | |
|---|---|
| Composicións ou gravacións:<br>1 autor<br>coautor<br>3 autores<br>4 autores<br>5 autores<br>Máis de 5 autores | <br>1<br>0,5<br>0,4<br>0,3<br>0,2<br>0,1 |
| Gravacións:<br>1 intérprete<br>2 intérpretes<br>3 intérpretes<br>4 intérpretes<br>5 intérpretes<br>Máis de 5 intérpretes | <br>0,5<br>0,25<br>0,166<br>0,125<br>0,1<br>0,05 |

Cando unha obra é puntuada como composición non pode ser valorada como gravación. Si é compatible a puntuación de intérprete e autor.

Para a valoración destas composicións e gravacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é a persoa autora e o depósito legal desta. As alegacións valoradas por esta epígrafe non se terán en conta na epígrafe 6.1.

No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é a persoa autora ou intérprete e o depósito legal desta.

- Concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...)

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| A/B/C | Director,<br>solista,<br>compositor.<br>Protagonista | Participante en grupos de cámara ou similar (< 15 compoñentes).<br>Actor secundario | Integrante de orquestras, bandas, coros, non de cámara.<br>Actor de reparto / figuración |
|---|---|---|---|
| Repertorio sinfónica: coro, orquestra, banda.<br>Obra de teatro de gran formato, zarzuela (<1,5 h de duración) | 1 / 0,5 / 0,25 | 0,5 / 0,25 / 0,1 | 0,25 / 0,1 / 0,05 |
| Outros xéneros:<br>(flamenco, jazz, etc.)<br>Pezas breves (0,5 – 1 h) | 0,5 /0,25 / 0,1 | 0,25 / 0,1 / 0,05 | 0,1 / 0,05 / 0,025 |
| Música lixeira, rock, etc.<br>Lectura dramatizada, recital de poemas, etc. | 0,25 / 0,1 / 0,05 | 0,1 / 0,05 / 0,025 | 0,05 / 0,025 / 0,01 |

A: Primeira categoría: Concerto de importancia internacional.

B: Segunda categoría: Importancia nacional.

C: Terceira categoría: Importancia autonómica.

A puntuación dividirase polo número de directores e solistas.

Para a valoración destes concertos ou obras deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

No caso de concertos: programas onde conste a participación da persoa interesada e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como persoa directora, solista ou solista con orquestra/grupo.

No caso das obras: programas onde conste a participación da persoa interesada e da certificación da entidade organizadora, onde conste a realización da obra e a participación como protagonista, actor/actriz secundario/a ou actor/actriz de elenco/figuración.

- Por exposicións individuais ou colectivas:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| |
|---|
| Exposición individual: 2,5 puntos |
| Exposición de obra seleccionada en concursos (CERTIFICACIÓN):<br><br>- Internacionais: 0,5<br>- Nacionais: 0,25<br>- Autonómicas: 0,125 |

| | |
|---|---|
| Esta puntuación é incompatible con premios en exposicións. | |
| Exposición colectiva: =0,5/número de artistas | Mínimo: 0,025 |

Para a valoración destas exposicións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

Programas onde conste a participación da persoa interesada e certificación da entidade organizadora (museos, fundacións, administracións). Nos concursos, certificado onde se especifique a concesión deste.

ANEXO XX

**Criterios de valoración do apartado 4.1 do concurso de traslados**

4.1 Publicacións: ata 5 puntos.

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignaren o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas que o autor/a sexa o seu editor/a.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballo de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valorase exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

| | |
|---|---|
| Recensións e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc:<br>1 autor ou colaborador<br>2 autores ou colaboradores<br>Mais de 2 autores ou colaboradores | <br>0,025<br>0,0125<br>0,00625 |
| Tradución dunha revista:<br>Autor<br>2 autores<br>Mais de 2 autores | <br>0,1<br>0,05<br>0,025 |
| Tradución ou ilustración dun libro<br>1 tradutor ou ilustrador<br>2 tradutores ou ilustradores<br>3 tradutores ou ilustradores | <br>0,5<br>0,25<br>0,166 |

| | |
|---|---|
| 4 tradutores ou ilustradores<br>5 tradutores ou ilustradores<br>Mais de 5 de tradutores | 0,125<br>0,1<br>0,05 |
| Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>Autor<br>2 autores<br>3 ou mais autores | <br>0,2<br>0,1<br>0,05 |
| Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):<br>Autor<br>2 autores<br>3 autores<br>4 autores<br>5 autores<br>Máis de 5 autores | <br>1<br>0,5<br>0,4<br>0,3<br>0,2<br>0,1 |

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas exixencias que así se indican a seguir:

- No caso de libros, a seguinte documentación:

*  Portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades(públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

Para o caso de que a editorial ou asociación desaparecese, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

- No caso de revistas, a seguinte documentación:

*Portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

Para o caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentarase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos

bibliográfica. Neste documento indicarase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL.